



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 06)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

Sendo as once horas do día **doce de febreiro de dous mil vinte e un**, a través de sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, e baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de febreiro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2020.

Escrito do Concello de Lourenzá, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 125 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 (PUC 2020).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (125) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.



Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Lourenzá presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LOURENZÁ	125	MELLORAS DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LINARES	1531.76201	34.604,97€

Por escrito con RE de data 04/02/2021o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
LOURENZÁ	REM	PROXECTO DE MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO A O CARBALLAL	1531.76201	---	34.579,34€	34.579,34€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Lourenzá, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos



inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
LOURENZÁ	REM	PROXECTO DE MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: CAMIÑO A O CARBALLAL	1531.76201	---	34.579,34€	34.579,34€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE PÉRDIDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E DE REINTEGRO POLO IMPORTE ABOADO EN CONCEPTO DE ANTICIPO, MÁIS OS XUROS DE MORA CORRESPONDENTES, A DIÓCESIS MONDOÑEDO- FERROL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

“Asunto: Inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención e consecuentemente do procedemento de reintegro da cantidade recibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes que trae causa do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócese de Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017.

En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de febreiro de 2018, adoptou, por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 80.004,01 €, a favor da Diócese de Mondoñedo – Ferrol, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertence á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 80.004,01 € con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Diócese Mondoñedo – Ferrol, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro”.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con esta proposta”.

O convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócese de Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, formalizouse o 6 de marzo de 2018.

Por resolución presidencial, de data 24 de xullo de 2018, resolveuse:

“Aboar á Diócese de Mondoñedo – Ferrol a cantidade de 64.003,20 € en concepto de anticipo do 80% do importe da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Diócese Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, ao considerarse cumpridos os requisitos establecidos no convenio de referencia para o aboamento deste”.

Consta aboamento do anticipo en data 27 de xullo de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de decembro de 2018, adoptou,



por unanimidade , entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar a Addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Diocese Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, incorporada ao expediente, e por medio da cal se modifican as cláusulas terceira e Undécima do convenio, quedando redactadas do seguinte xeito e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia:

Cláusula terceira: “(...) Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 4 de marzo de 2019.

Cláusula undécima: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 4 de marzo de 2019. (...)”.

A Addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Diocese Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, formalizouse o 11 de xaneiro de 2019.

O representante da Diócesis Mondoñedo-Ferrol remitiu, o 4 de marzo de 2019 (número de rexistro de entrada 4984), a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócese de Mondoñedo – Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017.

Dende o Servizo de Contratación e Fomento constatada a existencia de erros emendables na documentación aportada requiriuse (o 12 de xullo de 2019 -nº RS 8428-) ao representante da Diócesis Mondoñedo Ferrol para que, en base ao establecido no artigo 71.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro,

Xeral de Subvencións, emendase e aportase, no prazo de 10 días hábiles a contar dende a recepción do requirimento (que tivo lugar o 17 de xullo de 2019), a documentación xustificativa que se relaciona a continuación:

“Solicitude debidamente cumprimentada:

A solicitude que obra no expediente contén erros:

Presentase como entidade a “Igrexa Parroquial de Santiago de Celeiro”, cando a entidade beneficiaria é a “Diocese Mondoñedo – Ferrol” e o CIF indicado correspóndese co da Diocese. Debe modificarse.

A cantidade indicada no recadro relativo á axuda solicitada é incorrecta, xa que debería ser 80.004,01 €. Debe emendarse.

Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable:

Na memoria achegada, indícase como entidade a “Igrexa Parroquial de Santiago de Celeiro”, cando a entidade beneficiaria é a “Diocese Mondoñedo – Ferrol” e o CIF indicado correspóndese co da Diocese. Debe modificarse.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade):

Debe cambiarse a declaración, xa que constan unha serie de gastos na relación clasificada de gastos que non poden considerarse como gastos derivados da actuación subvencionada.



Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade):

A relación de gastos que consta na documentación achegada contén unha serie de erros que deben emendarse:

Non consta o nome da actuación subvencionable.

No número do documento indícanse números correlativos en lugar dos números das facturas.

Na columna relativa á identificación, indícanse os números das facturas en lugar de indicar o tipo de documento: factura, recibí etc.

Na columna dos importes, sen IVE, a cantidade que consta en relación coa factura n.º 006/19 é errónea.

Na relación constan un par de facturas cuxos importes non teñen nada que ver coa actuación subvencionada, xa que se corresponden con actuacións “ejecutadas a solicitud del cliente no incluídos en el presupuesto/ contrato”, polo que non debe incluírse na relación clasificada como un gasto derivado da actuación subvencionada.

Acta de recepción da obra, certificacións de obra:

Na documentación achegada non consta a acta de recepción nin as certificacións de obra. Deben achegarse.

Dúas fotografías da inversión realizada:

Deben achegarse.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustificado:

Debe modificarse xa que, o importe indicado como gasto efectivamente xustificado, non sería o indicado (ao facerse a necesaria modificación da relación clasificada de gastos).

Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinada polo receptor con identificación do mesmo (N.I.F. e nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.



Deben achegarse os xustificantes de pago das facturas achegadas.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social:

Deben achegarse os devanditos certificados ou, no seu defecto, unha autorización para que dende a Deputación Provincial de Lugo se poida proceder á súa solicitude.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo:

A declaración achegada é incorrecta, posto que non se indica que a Diócese “asume” o mesmo.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención:

Debe achegarse un certificado emitido pola entidade bancaria onde conste o número de conta do beneficiario.

Indicar así mesmo que o resto de declaracións e documentos achegados, onde se presenta como entidade a “Igrexa Parroquial de Santiago de Celeiro”, cando a entidade beneficiaria é a “Diocese Mondoñedo – Ferrol” e o CIF indicado correspóndese co da Diocese, deben modificarse. O mesmo ocorre con todos aqueles documentos nos que conste o importe de 110.328,97 € como gasto total executado, posto que, en canto se emende a relación clasificada de gastos derivados da actuación subvencionada, este importe será inferior.

Entendemos que debe achegarse ademais copia do contrato ao que fan referencia as facturas (para a súa confrontación) e algún documento no que se acredite a representación da Diocese a través do párroco; tendo en conta que o convenio da subvención excepcional concedida

pola Deputación Provincial de Lugo foi asinado, como representante da entidade, polo Vicario Xeral da Diocese”

O representante da Diócesis Mondoñedo-Ferrol remitiu, o 23 de xullo de 2019 -nº RE 17137-, ao Servizo de Contratación e Fomento, dentro do prazo establecido no requirimento efectuado o 12 de xullo de 2019, parte da documentación xustificativa a cal foi complementada o 29 de xullo de 2019 -nº RE 17285-.

Dende a Diócesis Mondoñedo-Ferrol achegou escrito, o 31 de xullo de 2020, no que literalmente se solicita o seguinte:

“Solicito:

Unha copia da documentación presentada na Deputación Provincial de xustificación dos gastos do proxecto de reforma da cuberta e fachada da parroquia de Celeiro na anualidade 2017, en cumprimento das condicións impostas no Convenio Subvención Directa Excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Diócese de Mondoñedo – Ferrol.

Da última documentación presentada, a entidade que represento no quedou con copia do presentado no Servizo de Contratación e Fomento”.

Consta no pé do documento, nota de recibí asinada polo solicitante, conforme recibiu copia da documentación solicitada nesa mesma data.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento constatouse que, dende o mes de xullo de 2019, a entidade beneficiaria non estaba ao corrente de todas as súas obrigas tributarias.

Dende o Servizo de Contratación e Fomento constatada a existencia de erros emendables na documentación aportada, o 23 de xullo de 2019 (e complementada o 29 de xullo de 2019) requiriuse (o 18 de decembro de 2020 -número de rexistro 2020RPS012551-) ao representante da Diócesis Mondoñedo Ferrol para que, en base ao establecido no artigo 71.2 do Real Decreto



887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, emendase e aportase, no prazo de 10 días hábiles a contar dende a recepción do requirimento a documentación xustificativa que se relaciona a continuación

“(…)

Na relación clasificada de gastos achegada, non se relacionan as datas dos pagamentos parciais mediante transferencia de varias facturas.

As facturas non se corresponden coas certificacións de obra e non recollen prezos unitarios nin desagregamento das partidas xenéricas recollidas no concepto. Ademais, na factura referida á certificación nº 1, fálase dun fondo de provisión "según estipulación cuarta do contrato de obra" e segundo o contrato de obra, o importe sería incorrecto.

A declaración responsable na que se fai constar que a Entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro que consta no expediente, está caducada.

O documento emitido pola entidade bancaria, no que consta a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención que consta no expediente está desactualizado.

Realizados os trámites de comprobación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, a Diócese Mondoñedo- Ferrol figura con débedas pendentes de aboamento para coa Deputación Provincial de Lugo.

Aclarar que, a resultas da necesaria emenda das facturas que conforman a conta xustificativa, a cantidade global reflectida como gasto total executado podería variar, provocando que todos os demais documentos onde se inclúe esta cantidade, deban modificarse.”

En data 4 de xaneiro de 2021 dende Correos, procederon á devolución do acuse de recibo no que consta “Ausente reparto. Se dejó aviso en buzón.23/12/20” e “Non retirado. 28/12/20”.

En data 11 de xaneiro de 2021, volve enviarse o devandito requirimento, constando no

expediente acuse de recibo de data 15/01/21 (en 2º intento).

O representante da Diócesis Mondoñedo-Ferrol achegou, o 28 de xaneiro de 2021 -nº de rexistro 2021RPE001200- que da orixe ao expediente 2021/PES_03/001370, documentación xustificativa en contestación ao requirimento efectuado o 18 de decembro de 2020.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento constatase que parte da documentación achegada non é correcta, concretamente a documentación que se relaciona a continuación:

O importe das facturas (de provisión de fondos para acopio de materiais) correspóndense cos importes das certificacións de obra, pero nin as facturas nin as certificacións recollen as unidades e os prezos unitarios.

Non están ao corrente das súas obrigas tributarias coa Deputación de Lugo.

As facturas rectificativas están mal expedidas xa que non teñen nº de serie distinto e poñen “Esta factura se emite para aclaración y corrección de la N° xxx con fecha xxxxx”.

Tendo en conta que a documentación aportada segue incompleta e contén erros, e que dito suposto é causa de reintegro segundo o establecido no artigo 37.1.b) da Lei Xeral de Subvencións (LXS), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que por parte da Xunta de Goberno se declare decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, e consecuentemente o procedemento de reintegro (artigos 41 e 42.2 da LXS e artigos 94 e 95 do RLXS) da cantidade percibida en concepto de anticipo xunto cos xuros de mora correspondentes á Diócesis Mondoñedo-Ferrol.””

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Declarar decaído, á Diócesis Mondoñedo Ferrol, no tramite de emenda de documentación.

2º.- Acordar o inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da citada subvención e iniciar o procedemento de reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo máis os xuros de mora ata a data do ingreso voluntario ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

3º.- Acordar a apertura do Tramite de Audiencia para que, no prazo de quince día hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, o representante da Diócesis Mondoñedo Ferrol poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

4º.- No suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante da entidade beneficiaria porase en contacto coa Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora tendo en conta a data de pago do anticipo e a data na que se vaia facer efectivo o ingreso.

O ingreso da cantidade percibida en concepto de anticipo, máis os intereses de mora correspondentes, farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 100xxxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2021/XEN_01/000361”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio interadministrativo co Concello de Pobra de Brollón.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello Da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación de LMT a estación de bombeo”, por importe total de 15.433,55 €, dos que 12.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 3.433,55 € a cargo do Concello Da Pobra do Brollón; e do gasto, por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello Da Pobra do Brollón, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O Concello Da Pobra do Brollón solicitou, o 21 de xaneiro de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación de LMT a estación de bombeo”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 22 de xaneiro de 2021, que se expresa nos seguintes termos:

“Antecedentes

Don José Luís Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello da Pobra do Brollón, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 21 de xaneiro de 2021, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación de LMT a estación de bombeo”.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:



Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.

Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, orzamento da actuación obxecto do mesmo e proposta para a súa financiación.

En relación con esta solicitude, cómpre ter en conta as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en diante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en diante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en diante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).



d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA que:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.



Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 12.000 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, a reparación de LMT a estación de bombeo.

O concello Da Pobra do Brollón comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 22,25% sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 3.433,55€.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d); en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a promoción do desenvolvemento do sector agrogandeiro, como sector básico da economía da provincia, contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, especialmente en concellos rurais, como o Da Pobra do Brollón.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o concello Da Pobra do Brollón, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

(...).

Ademais, segundo establece o artigo 26 da mesma Lei, relativo á prestación dos servizos mínimos polos Municipios:



1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En tódolos Municipios: alumado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

(...).

3. A asistencia das Deputacións ou entidades equivalentes aos Municipios, prevista no artigo 36, dirixirase preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos.

Polo tanto, sendo competencia propia do Concello da Pobra do Brollón o abastecemento de auga potable a domicilio, que, así mesmo, é un servizo mínimo de prestación obrigatoria por tódolos Municipios, queda lexitimada a competencia do concello na execución do amentado proxecto.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

No que se refire ao encaixe que o proxecto ten nas actuacións que a Deputación de Lugo leva a cabo nas materias de agricultura, gandería e pesca, cómpre ter en conta que o Municipio Da Pobra do Brollón divídese en 22 parroquias, todas elas rurais, que se aglutinan nun total de 118 lugares ou entidades de poboación.

Poñendo en relación estes datos co da súa poboación, de 1.632 habitantes no ano 2020, podemos concluír que este Municipio cumpre con unha das características da Galicia rural: A dispersión da poboación. Pero, ademais, caracterízase por outros factores como un crecemento natural negativo, unha estrutura por idades envellecida, un sistema económico fundamentado no sector primario e un nivel de industrialización practicamente nulo.

Destes datos deriva que o sector agrario é a base da subsistencia dos habitantes deste Municipio, sendo as explotacións agrarias de tipo minifundista, e estando a agricultura enfocada ao

mantemento da cabana gandeira, que é a que reporta maior beneficio ao agricultor, tanto polas vendas como polo leite.

Polo tanto, se os problemas que poidan existir na rede de abastecemento de auga potable teñen unha importancia crucial no referido á vida normal de calquera persoa e/ou familia, contar con un subministro estable e de calidade nas explotacións agrarias é fundamental para o desenvolvemento económico e social nesta zona da provincia.

Por outra banda, tal e como se expón na memoria que o Concello Da Pobra do Brollón achegou xunto coa súa solicitude de cooperación á Deputación de Lugo, debido ás extremas condicións meteorolóxicas soportadas durante o temporal Dora, entre os días 4 e 5 de decembro de 2020, produciuse o colapso do apoio número 3 da liña de media tensión que abastece á estación de bombeo de auga potable no Municipio, infraestruturas ambas de propiedade municipal.

O carácter básico da infraestrutura de abastecemento de auga fixo que polo Concello de adoptaran medidas extraordinarias inmediatas para garantir o subministro eléctrico da estación de bombeo, mais esta situación extraordinaria está a causar un grave quebranto económico para aquel, debido ao elevado custo tanto do aluguer do grupo electrógeno como do consumo de combustible para manter operativa a infraestrutura.

E é que a falla de subministro na rede de abastecemento de auga, situaría ás explotacións agrarias do Municipio nunha situación de emerxencia que derivaría nun atranco para o desenvolvemento rural do mesmo; o que, en último termo suporía un lastre para o desenvolvemento económico e social provincial.

Neste senso, non podemos esquecer a importancia actual do medio rural na provincia xa que no inmenso territorio que ocupa atópanse a totalidade dos nosos recursos naturais e unha parte significativa do noso patrimonio cultural, o que lle confire a este medio, e ao seu desenvolvemento, unha relevancia maior da concedida na nosa historia recente, tal e como se recoñece no preámbulo da LDSMR, que persigue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade.



En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59.18 do RODPL:

Corresponde á Xunta de Goberno conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que:

O órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

O importe total necesario para a execución das actuacións previstas no convenio proxectado é de 15.433,55 €. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación de LMT a estación de bombeo”, por importe total de 15.433,55 €, dos que 12.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 3.433,55 € a cargo do Concello da Pobra do Brollón.

O gasto, por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello da Pobra do Brollón, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 3 de febreiro de 2021, relativo ao texto do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 4 de febreiro de 2021.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello Da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación de LMT a estación de bombeo”, por importe total de 15.433,55 €, dos que 12.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 3.433,55 € a cargo do Concello Da Pobra do Brollón.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello Da Pobra do Brollón, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Modificación do Convenio interadministrativo co Concello de Lourenzá.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación terceira ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá que dispón o seguinte:

"Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 24/05/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá.

Segundo.- En data 24/05/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá. O convenio foi modificado por Resolución da Presidencia de data 20/05/2020, asinándose addenda de modificación o 04/06/2020, relativo á ampliación de prazos, por acordos da Xunta de Goberno de data 13/11/2020, e 18/12/2020 sendo asinadas addendas o 16/11/2020 e 23/12/2020, relativo á aplicación de remanentes e fixación de novos prazos de execución e xustificación respectivamente. Nas modificacións, entre outros, establécese:

“(…)

e)Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 28/02/2021"

Consta a xustificación da anualidade de 2019, sendo aprobada por Resolución da Presidencia de data 04/12/2020.

Na modificación segunda, inclúense o investimento Obras de mellora acceso e cerramento do campo de fútbol de Lourenzá, financiándose con cargo á baixa acadada na licitación da obra inicialmente incluída no convenio.

Terceiro.- Dona Rocío López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 08/02/2021, a través do que manifesta

“...Debido ás condicións climatolóxicas dos últimos meses non se puido proceder á finalización das obras, solicitando unha prórroga ata o 31 de maio de 2021”.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”



En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A

Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)



O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lourenzá é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.



O Concello de Lourenzá, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O concello de Lourenzá será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.



Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 31 de maio de 2021.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación cuarta do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da data de execución dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá coa

finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Campo de fútbol de entrenamento en Lourenzá, e que se recolle en addenda ao convenio, de tal xeito que a data para executar os investimentos, tanto o inicial como o financiado con cargo ás baixas obtidas na licitación, quede fixada na data límite do 31 de maio de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Talleres Cacharrón, S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe de data 09/02/2021, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Talleres Cacharrón, S.L.	R20 0000396	16/06/2020	19/06/2020	2020RPE007371	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xuño do 2020, de aceite e graxa para maquinaria da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/001317	878,46 €
TOTAL						878,46 €

Visto que consta:



A propia factura con entrada no Rexistro Xeral.

Dilixencia do Parque Móbil, de data 07/07/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coas cantidades e co prezo, na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 30/11/2020, polo representante de Talleres Cacharrón, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 07/07/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida polo Adxunto ao Xefe do Parque Móbil.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 30/07/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 24/09/2020, levantando o reparo de intervención e os seus efectos suspensivos.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 14/01/2021, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia, polo importe total da factura, no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 20/4120.22111, e que igualmente, existe consignación suficiente e axeitada na aplicación orzamentaria 21/4120.22111 (ADO: 92021/91).

Informe de Intervención, de data 15/01/2021, no que dí que se reitera no informado en data 07/08/2020, agás no referente á consignación, dado que non foron aprobadas as obrigas no ano 2020, polo que intervención informa que a factura consígnase con cargo ao exercicio 2021 (aplicación 4120.22111; ADO: 92021/91).

Informe do Xefe do Parque Móbil, de data 04/02/2021, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2021, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Na proposta de decreto de data 21/09/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

“Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Talleres Cacharrón, S.L. que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
R20 0000396	16/06/2020	726,00 € B.I. + 152,46 € IVE DEDUCIBLE	4120.22111	92020/3892
SUMA 878,46 €				

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.



A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 878,46 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total o u parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de Intervención de data 7 de agosto de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
TALLERES CACHARRÓN, S.L.	R20 0000396	16/06/20	878,46	4120.22111
SUMA			878,46	

Procede informar:



Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 7 de agosto de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación da maquinaria da Granxa Gayoso Castro, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi xuño de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 878,46 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en

semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2021.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2021.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación naquela



época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de procedencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2020, e xustificado por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Talleres Cacharrón, S.L.	R20 0000396	16/06/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xuño do 2020, de aceite e graxa para maquinaria da Granxa Gayoso Castro.	878,46 € (726,00 € + 152,46 € en concepto de I.V.E. deducible).
TOTAL				878,46 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor. (...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Talleres Cacharrón, S.L.:

Nº R20 0000396 de data 16/06/2020, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de xuño do 2020, de aceite e graxa para maquinaria da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 878,46 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó Centro Xestor.

Esta proposta substitúe á emitida en data 02/12/2020, co código seguro de verificación IV7GZQJ7FVZIRDJKQXDXD4JDWAY.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. S.M.E.M.P. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL), E OS PEARES (RÍO MIÑO. EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) PARA A TEMPADA 2021, PRORROGABLE NAS ANUALIDADES 2022 E 2023.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de autoorganización executar directamente prestacións propias de contratos a



través dos entes que ostenten a condición de medio propio personificado, segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A disposición adicional 24ª d LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (en adelante, TRAGSA) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa disposición adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No punto 4º da citada disposición adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de agricultura e pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

O importe dos traballos descritos na memoria do encargo a executar e realizados polo medio propio TRAGSA, determinaranse aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custe efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto do encargo, que se subcontraten con empresarios particulares, de acordo co recollido no punto 7º da disposición adicional 24ª da LCSP e

artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e das súas filiais.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución destes servizos, constatado que para o orzamento dos mesmos TRAGSA aplicou ás unidades executadas as tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada, considérase que TRAGSA é o instrumento idóneo para levar a cabo a execución dos traballos obxecto do encargo.

O artigo 86.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle que as entidades do sector público institucional poderán ser consideradas medios propios e servizos técnicos e terán a consideración de medio propio e servizo técnico cando se acredite que, ademais de dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar as prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social, de acordo coa súa norma ou acordo de creación e sempre que se dé algunha das circunstancias seguintes:

Sexa unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulta sustentable e eficaz, aplicando criterios de rentabilidade económica.

Resulta necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispor dos bens ou servizos fornecidos polo medio propio ou servizo técnico.

Neste caso é posible acudir ao medio propio polas razóns de eficacia e eficiencia que se poñen de manifesto no informe do Servizo de Turismo que acompaña a este expediente.

Igualmente, visto que no expediente de referencia consta, entre outra, a seguinte documentación:

Orzamento de encargo a TRAGSA para o funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (embarcadoiro da Deputación de Lugo- Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño-embarcadoiro de Belesar Pobo).



Certificado emitido por TRAGSA relativo á suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar o encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 3%.

Certificación de consignación orzamentaria emitida pola Intervención da Deputación de Lugo.

Informe de eficiencia emitido polo Servizo de Turismo.

Memoria técnica que rexerá o encargo a TRAGSA elaborada polo Servizo de Turismo.

Tendo en conta os antecedentes indicados e analizado o expediente, propono que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2021 (dende a data de aprobación deste acordo ata o 31 de decembro), por importe de 685.894,79 euros, sendo prorrogable este encargo nas anualidades 2022 e 2023.

2º.- Ordear a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións da memoria que se xunta ao expediente coa presente proposta.

3º.- Nomear para a supervisión, control administrativo e seguemento dos traballos encomendados, por parte da Deputación de Lugo, ao Coordinador Xefe II das Rutas Fluviais, Ramón Campos Rodríguez.

4º.- Facultar ao Servizo de Turismo, a través da súa Deputada- Delegada, para realizar as modificacións que se consideren necesarias no calendario de funcionamento, horarios de saída das embarcacións, protocolos hixiénico-sanitarios e limitacións de aforos co fin de adoptar as medidas recomendadas e/ou preceptivas en cada momento para a prevención do contaxio por Covid-19.

5º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución, tal e como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

6º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

7º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación de Lugo.

8º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación de Lugo.

9º.- O encargo da actividade de funcionamento das rutas fluviais a TRAGSA implicará que, no caso de producírense imprevistos que supoñan a necesidade de suspender temporalmente o encargo (como no caso do ano 2020 debido á pandemia da Covid-19), ou de levar a cabo unha reformulación do mesmo que conleve unha redución no orzamento destinado inicialmente ao servizo, a Deputación non terá que indemnizar a TRAGSA.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA SOBRE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN DE LUGO DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da



Mesa Técnica, na sesión do día 20 de novembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 273, do venres 27 de novembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrência competitiva, ano 2020.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

Categoría	Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Organización de Eventos 2020	Sociedade Deportiva Viveiro	Memoria de Fútbol Marcos Gómez Pita	490,00 euros

Por todo o exposto procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes citados.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A VIXENTE LISTAXE DE AUXILIAR DE SALA PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de ampliar a vixente listaxe de emprego temporal de Auxiliar de Sala para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19.4 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de Auxiliar de Sala, grupo C – subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (Cota Xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020).

3º.- Aprobar as bases específicas que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo en prazas/postos/empregos Auxiliar de Sala, Grupo C, Subgrupo C2.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4 e 5, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.



6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS NA APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN DE LUGO (XUNTA DE GOBERNO DE 15-01-2021).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 15 de xaneiro de 2021, aprobase a convocatoria e bases específicas para constituír unha listaxe de emprego de Técnico/a Superior en Protocolo para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo.

O Acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 023, do 29 de xaneiro de 2021.

Producíndose erros materiais ao transcribir os temas 34, 35 e 36 contidos na base específica 6, apartado b), referente ao programa de materias específicas, consistente en que o contido dos mesmos está xa recollido nos temas 4, 5 e 6 do temario; Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, proponse a Xunta de Goberno, para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 30 de xuño de 2020 (BOP número 202, do 3 de setembro de 2020), acorde:

Corrixir os temas 34, 35 e 36 contidos na base específica 6 apartado b) referida ao programa de materias específicas aprobado na Xunta de Goberno de data 15 de xaneiro de 2021 do seguinte xeito:

1- Tema 34

Onde di: “34. Protección de datos. Os tratamentos honoríficos en España. Tipos. Tratamentos reais e nobiliarios. Tratamentos para condecoracións. Tratamentos para autoridades civís, militares, eclesiásticas e diplomáticas”.

Debe dicir: 34. Protección de datos persoais na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios esenciais e dereitos das persoas.

2- Tema 35

Onde di: “35. Dereito premial: distincións das Comunidades Autónomas, das corporacións locais, e provinciais. Nomeamentos honoríficos e condecoracións. Tramitación do expediente”.

Debe dicir: 35. O protocolo da Unión Europea: simboloxía da Unión.

3- Tema 36

Onde di: “36. A imaxe corporativa. Concepto e relevancia. A formación da imaxe institucional. Uso e aplicacións. O patrocinio e o mecenado”.

Debe dicir: 36. A organización das rodas de prensa e conferencias de prensa. Entrevistas cos medios.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



10.- PROPOSTA DE CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 175/2020, DE 18 DE NOVEMBRO, DITADA NO P.A. 18/2020.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“No recurso contencioso administrativo nº18/2020 interposto por Excavaciones Goñi, S.L. fronte ó seguinte acto administrativo: “ Resolución de la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo, de fecha 22/11/2019, por la que se resuelve desestimar la reclamación interpuesta por la empresa demandante respecto de los intereses de demora interesados como consecuencia del cumplimiento tardío de pago de las facturas dimanantes de la prestación de servicios de viabilidad invernal y mantenimiento de zona 7, ejecutadas por la entidad Excavaciones Goñi SL a favor de la Diputación de Lugo, por importe de 3.269,64 euros. “o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº175/2020, de data 18 de novembro, na que estima o recurso interposto contra a devandita resolución, que se anula por ser contraria ao ordenamento xurídico e condena á Deputación a abonar á actora: “ a) La suma de 3.269,64 euros en concepto de intereses de demora. b) La suma de 40 euros en concepto de costes de cobro. c) Los intereses legales de cantidad señalada en el apartado a), desde el 23 de enero de 2020 hasta la fecha de notificación de la presente sentencia.

Vista a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento das cantidades indicadas no fallo da dita Sentenza , comunicada polos Servizos de Intervención e Tesouraría, é polo que se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- O ingreso da cantidade de 3.269,64 euros en concepto de xuros de demora, a cantidade de 40 euros en concepto de custes de cobro e 86,89 euros en concepto de xuros legais, na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMPARECENCIA EN EXECUCIÓN DEFINITIVA 7007/2020 (P.O. 7077/2018)

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Oficio da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia en relación co Procedemento: Execución Definitiva 0007007/2020, dimanante do Procedemento Ordinario 7077/2018, seguido a instancia de D. José Elías Vázquez Díaz fronte ao Xurado de Expropiación de Galicia e no que foi parte demandada a entidade Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (que non compareceu en dito procedemento) no que se sinala o seguinte:

“De conformidad con lo acordado en el procedimiento arriba referenciado , a tenor de lo interesado por la parte ejecutante, no teniendo respuesta al oficio remitido directamente a SUPLUSA, y del que se acompaña copia, le dirijo el presente al objeto de que, en el plazo de diez días se participe a este Tribunal las diligencias practicadas para llevar a puro y debido efecto la sentencia, recaída en el mismo y de la que el concello le remitió copia en su día a la citada entidad, así como del escrito de la parte recurrente instando la ejecución, debiendo proceder, en su caso, al abono inmediato de las sumas de las sumas adeudadas a la parte ejecutante”.

Visto que o Pleno da Deputación en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Proposta da Presidencia, relativa á aprobación dos acordos adoptados pola comisión liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). Extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA), “SUPLUSA en liquidación”, entre cuxos puntos se inclúe “4.- Sucesión universal e cesión global do activo e pasivo Implica a subrogación da Deputación de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular mediante cesión global do activo e pasivo”.

Visto o anteriormente exposto á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguinte acordo:

Único.- A comparecencia desta entidade a través dos Letrados da Asesoría Xurídica no procedemento anteriormente referenciado como parte demandada a fin de que se seguir todas as



actuacións da execución 0007007/2020, dimanante do Procedemento Ordinario 7077/2018, seguido a instancia de D. José Elías Vázquez Díaz e dar resposta á Sala do Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da sentenza nº391/2018 de 31 de outubro de 2018, ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo, no procedemento DSP 619/2017, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Estimo parcialmente la demanda de D. Felipe Nieto Pérez, representado por el letrado Sr. Vázquez Díaz, contra Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA), representada por el letrado Sr. Amarelo Fernández; la Deputación Provincial de Lugo, representada por el letrado de la Deputación Provincial de Lugo Sr. Lago González; Federación Galega de Piragüismo, representada por el letrado Sr. Gaisse Fariña; y el Ministerio Fiscal, que no compareció pese a constar su citación en legal forma: 1.- Absuelvo a la Deputación Provincial de Lugo y a la Federación Galega de Piragüismo de todos los pedimentos deducidos en su contra. 2.- Declaro nulo el despido con fecha de efectos 30 de junio de 2017, condenando a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) a estar y pasar por esta declaración. 3.- Condeno a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) a la inmediata readmisión del actor, en las mismas condiciones que regían antes de producirse el despido, así como al abono de los salarios de tramitación devengados desde el 30 de junio de 2017, a razón de 53’48 euros diarios.”*

Dase conta da sentenza nº131/2020 de 13 de marzo de 2020, ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo no Procedemento DSP 428/2019, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Primeiro.- Os feitos declarados probados baséanse nos documentos achegados ao proceso. Segundo.- Considero, de conformidade con todo o exposto no fundamento de dereito terceiro da sentenza do Xulgado do Social 1 do 31 de outubro de 2018 e polas razóns nela expostas, que non é posible afirmar que Suplusa e a Deputación Provincial de Lugo formen parte dun grupo empresarial. Do mesmo xeito, de conformidade con todo o exposto no fundamento de dereito cuarto da sentenza do Xulgado do Social 1 do 31 de outubro de 2018 e polas razóns nela expostas, non é posible afirmar existencia*

de cesión ilegal de man de obra de Sociedade Urbanística Provincial de Lugo á Deputación Provincial de Lugo. Igualmente, de conformidade co establecido no fundamento de dereito quinto da sentenza do Xulgado do Social 1 do 31 de outubro de 2018 e polas razóns nela expostas, non é posible impoñer á Federación Galega de Piragüismo a subrogación do actor tras o fin da encomenda de Suplusa do 30 de xuño de 2017. Terceiro.- Considero que a decisión extintiva do 12 de abril de 2019 non garda relación con realizar o demandante unha reclamación de redución de xornada e concreción horaria por coidado de fillos senón coas circunstancias detalladas na comunicación escrita de despedimento. Os documentos achegados ao proceso proban ser certos os feitos recolleitos na comunicación escrita de despedimento. Quedou xustificado que a decisión do empregador está baseada en feitos reais de imposibilidade alleos a idea de represalia por ter feito unha reclamación o traballador. A decisión empresarial cumpre cos requisitos establecidos nos arts. 52 e 53 do Estatuto, se ben a cantidade correspondente ao prazo de preaviso é, na miña opinión, de 791,25 euros, polo que Suplusa debe ser condenada a pagar a don Felipe Nieto Pérez a cantidade de 200,75 euros. Suplusa xa pagara 590,50 euros. Decido: Desestimo a demanda declarando procedente o despedimento se ben con condena de Suplusa a pagar a don Felipe Nieto Pérez a cantidade de 200,75 euros.”

Dase conta da sentenza de 11 de decembro de 2020, ditada pola Sala Social do T.S.X. de Galicia no Recurso de Suplicación 3193/2020 que dimana do procedemento Despido/Ceses en Xeral 428/2019 seguido a instancia de D. Felipe Nieto Pérez frote á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, á Deputación e á Federación Galega de Piragüismo, e en cuxo fallo di o seguinte: “Que estimando el recurso de suplicación interpuesto por el letrado D. Xermán Vázquez Díaz, en nombre representación de D. Felipe Nieto Pérez, contra la sentencia dictada por el Juzgado de lo Social nº 1 de los de Lugo, en fecha trece de marzo de dos mil veinte, en autos seguidos a instancia del recurrente e fronte a la Empresa Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA), a la Diputación Provincial de Lugo y a la Federación Galega de Piragüismo, sobre despido, en los que ha sido citado como parte el Ministerio Fiscal, debemos revocar y revocamos parcialmente la resolución recurrida, estimando la demanda formulada respecto de la Empresa Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) y declarando la nulidad del despido efectuado el doce de abril de dos mil diecinueve, condenando a la empresa demandada a estar y pasar por esta declaración y a que, de forma inmediata, readmita al actor en su puesto de trabajo y en las mismas condiciones que tenía con anterioridad y le abone los



correspondientes salarios dejados de percibir, desde la fecha des despido hasta la fecha en que la readmisión tenga efectivamente lugar, a razón de cincuenta y dos euros con setenta y cinco céntimos (52,75 euros) diarios debiendo deducirse de la cantidad resultante aquellas que la empresa hubiera efectivamente pagado al actor, en concepto de indemnización por extinción del contrato y, en su caso, indemnización por falta de preaviso, y todo ello manteniendo el pronunciamiento absolutorio realizado en la sentencia recurrida con respecto a la Diputación Provincial de Lugo y la Federación Galega de Piragüismo.”

Dase conta do escrito que con data 23 de decembro de 2020 D. Felipe Nieto Pérez presentou ante esta entidade escrito no que solicita: “*que se proceda de xeito inmediato á miña reincorporación en SUPLUSA conforme ao fallo da propia sentenza e posterior execución da miña integración na Deputación Provincial como traballador en activo que son da entidade*”. Visto o anteriormente exposto, e tendo en conta a comunicación pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da firmeza da Sentenza sinalada con anterioridade a través da súa Dilixencia de Ordenación de data 18 de xaneiro de 2021, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno aos efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

Con respecto a este asunto, polo Presidente requírese a emisión de informes, no prazo máis breve posible, non superando os dez días, aos Servizos de Asesoría Xurídica, Recursos Humanos e Deportes. O informe versará sobre a forma de cumprimento das citadas sentenzas, coa finalidade da súa execución.

O Sr. Presidente dispón que por parte da Secretaría Xeral da Deputación, se dea traslado do solicitado aos Servizos sinalados no parágrafo anterior, para a súa posterior achega á Presidencia.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.